



## **COMERCIANTES DE PONTEVEDRA ASISTIRÁN MAÑÁ Á PRESENTACIÓN DUNHA INICIATIVA PARA PROMOVER O COMERCIO ELECTRÓNICO**

Santiago, 5 de xullo.- Comerciantes dedicados aos sectores da ferretería e os materiais de construción da área de Pontevedra asistirán mañá á presentación da plataforma CIC-Commerce, unha iniciativa financiada pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia que ten como obxectivo promover o comercio electrónico entre os minoristas do sur de Galicia e do norte de Portugal.

O acto, que se celebrará na Cámara de Comercio de Pontevedra, contará coa presenza de representantes da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, entidade promotora do proxecto CIC-Commerce, no que tamén participan a Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET), o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o Instituto de Desenvolvemento e Inovação do Minho (IDITE-MINHO).

O proxecto CIC-Commerce ten como obxectivo contribuír a un mellor coñecemento das posibilidades do comercio electrónico por parte dos distribuidores de artigos de ferretería, electrodomésticos e materiais de construción, dado que se trata de sectores que se poden beneficiar especialmente da incorporación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TICs), pero nos que éstas teñen unha penetración moi escasa.

No marco desta iniciativa e de modo totalmente gratuito, proporcionaráselles ás empresas que participen nela unha ferramenta que lles permitirá simplificar e axilizar unha grande parte das súas tarefas habituais.

Entre outras posibilidades, este servizo permite actualizar automaticamente as tarefas dos provedores, consultar stocks en tempo real e emitir pedidos a través do ordenador.

O proxecto CIC-Commerce foi impulsado pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, dependente da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, e conta coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) a Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET) e o Instituto de Desenvolvemento e Inovação do Minho (IDITE-MINHO).

Ademais, conta co apoio de importantes cooperativas e asociacións de Galicia que actúan nestes sectores, como a Asociación de Empresarios de Materiales de Construcción (ASEMACO); Ferreteros Asociados de Galicia (FEASGA); Central Electrodomésticos del Noroeste S.A. e as cadeas de distribuidores de electrodomésticos San Luis; Uniserco – Milar; Vicoso e Fonomark.

**Para máis información, contactar con Xana García nos números de teléfono 981 56 98 10 ou 635 140 100**